

## **CIRCULAR INFORMATIVA. CURSO 2021/2022**

Prezadas familias:

Con motivo do comezo do novo curso, dirixímonos a vostedes para saudalos, desexarlles un bo ano escolar e facerlles chegar a presente circular con información relevante en relación á organización e funcionamento do centro cara ao curso que agora comezamos.

### **1.- HORARIO E COMUNICACIÓN:**

- O horario de secretaría durante o curso é de 09:30 a 14:30.
- Durante o curso escolar, o centro abrirá as portas ao alumnado ás 09:35 horas e pechará ás 16:05 ca saída do transporte escolar.
- No mes de xullo de 2022, ata o día 15 incluído, o horario de atención ao público será de 10:00 a 13:00 horas. O resto do mes a secretaría estará aberta ao público os martes no mesmo horario. Os restantes días para asuntos de carácter urxente poden contactar mediante o correo electrónico ou no teléfono 634521753.
- O teléfono do centro é o **881867840**.
- O enderezo de correo electrónico do centro é o seguinte: [cpi.fonte.diaz@edu.xunta.gal](mailto:cpi.fonte.diaz@edu.xunta.gal)
- Na páxina web do centro [www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz](http://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz) poderá consultar información, datos e novidades do colexio.
- Na páxina da aula virtual do centro [www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/aulavirtual](http://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz/aulavirtual) poderá consultar todas as tarefas que sexan enviadas ao alumnado en caso de darse a circunstancia de ter que pasar a ensino non presencial.

### **2.- HORARIO DAS CLASES:**

Educación Infantil e Primaria:

De luns a xoves: De 09:45 a 16:05 Os venres: de 09:45 a 13:25

Durante este curso escolar, os venres de 14:25 a 16:00 empezarán unicamente as actividades de informática e inglés promovidas polo Concello con un número moi limitado de prazas. O alumnado que non participe nestas actividades, terá tempo libre motivo polo que recomendamos ás familias que teñan a posibilidade, recollan o alumnado xusto despois de comer.

Secundaria:

Mañás de luns a venres: de 09:45 a 15:15

Tarde do xoves.....: de 15:55 a 17:35

Na tarde dos xoves, os autobuses saen do Colexio ás 16:05 co alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria, e ás 17:35 co alumnado da ESO.

Nos meses de setembro e xuño o horario para E. Infantil, Primaria e Secundaria continuará sendo o habitual de todo o curso.

Foi aprobado en consello escolar a redución do horario, tal e como viña sendo habitual antes da pandemia, para os días 21 de decembro de 2021, 25 de febreiro de 2022 e 22 de xuño de 2022, que se corresponden respectivamente cos días de fin de 1º trimestre (vacacións de nadal), venres antes de entroido e fin do 3º trimestre. En canto teñamos a autorización da Xefatura Territorial, faremosllo saber a través dunha mensaxe abalar.

### **3.- RELACIÓN DE NAIS E PAIS COS PROFESORES E COAS PROFESORAS:**

Recordando sempre que a educación é un esforzo común, non se pode pensar nuns bos resultados do proceso educativo se a comunicación entre pais/nais e profesores/as non é frecuente. Estes contactos deben incrementarse cando observemos calquera tipo de problema, e sempre coa intención de solucionalo, contando coa axuda e apoio do profesional do ensino.

Se ao longo do curso, a familia observase ou fose avisada de calquera incidencia, debe inmediatamente pórse en contacto co titor/a do seu fillo/a para tratar de colaborar na busca da solución.

O contacto entre as familias e o profesorado a propósito de calquera cuestión académica, farase a través do titor/a concertando previamente unha cita de atención. Dadas as circunstancias actuais, ao longo deste curso as titorías levaranse a cabo, como norma xeral de xeito telefónico ou a través de videoconferencia, diminuíndo se é posible, as citas presenciais. Para cuestións concretas, no anexo de profesorado achéganse as horas de atención de cada profesor/a ás familias.

As reunións das familias con titores/as de principio de curso serán comunicadas por cada Titor a través de abalar.

#### 4.-ASISTENCIA A CLASE DOS ALUMNOS E ALUMNAS.

A Asistencia a clase é obrigatoria. O Colexio faise responsable dos alumnos e alumnas dende o momento que entran no recinto escolar ata que abandonan o mesmo. Sempre que o alumno/a falte á clase para asistir a unha consulta médica ou por calquera outra causa xustificada, o seu/súa pai/nai ou titor/a debe comunicalo o antes posible e aportar a xustificación correspondente nos tres días seguintes á ausencia ao seu Titor ou Titora que será quen xustifique a falta.

##### 4.1.-Acceso do alumnado ao centro.

Todo o alumnado usuario de transporte escolar, accederá ao centro polo portal de chegada dos buses. O resto do alumnado accederá polo portal que da ao pavillón de deportes (muro sur do centro).

Cando por razón xustificada un alumno/a, chegue ao centro despois da hora de entrada, a incorporación á aula farase por medio da conserxe, que será quen o/a acompañe. Será obrigatorio contar con permiso para acceder ás aulas, non podendo os pais e nais levalos directamente. Asinarán ademais nas carpetas de rexistro situadas na mesa, diante da ventá de secretaría.

##### 4.2.-Saída do alumnado do centro.

- Ningún alumno ou alumna pode saír do Colexio a non ser que veña recollelo o/a seu/súa pai/nai ou titor/a, ou persoa autorizada por estes, agás o alumnado de 5º e 6º de Primaria e o de Secundaria, que poderá abandonar o centro sen ser recollido sempre e cando sexa autorizado por escrito polo seu seu/súa pai/nai ou titor/a.
- Os alumnos autorizados por escrito a saír do centro sen acompañamento, tamén poderán facerse responsables de levar a un irmán ou unha irmá de infantil/primaria, situación que tamén se deberá indicar na autorización.
- Todo o alumnado transportado debe abandonar o centro na liña de transporte que ten asignada para non perder o dereito ao transporte. No caso de alumnado da ESO, poderá, de xeito esporádico, con motivo xustifico e con autorización por escrito, non empregar o transporte de regreso ao seu domicilio. De igual maneira, o alumnado a partir de 5º de Primaria, poderá abandonar a parada sen ser recollido nela sempre que sexa autorizado.

Lugares e procedemento de recollida do alumnado.

##### 4.2.1.-Recollida do alumnado de Educación Infantil.

Para todo o alumnado desta etapa, débese cubrir un impreso no que indicarán e autorizarán a todas aquelas persoas que de forma esporádica ou habitual podan vir recollelos. A información destas autorizacións estará dispoñible para as titoras, profesorado de garda ou substitutos e persoal colaborador de comedor. O alumnado de 3 anos xa entregou esta autorización ca formalización da matrícula. Os de 4 e 5 anos, só teñen que entregala se hai algunha variación con respecto ao do curso anterior. No caso de ter que entrar ou saír en horario escolar, por motivos xustificados, deberase avisar á titora correspondente e asinar en secretaría.

Durante este curso e polas circunstancias actuais, as familias que desexen recoller ao alumnado de infantil os venres farano as 13:00 (antes de baixar ao comedor) pola porta do edificio de infantil; ou as 14:15 (despois de saír do comedor) polo portal que da acceso ao pavillón, muro sur do centro; previa xustificación a través do formulario entregado os primeiros días de clase.

##### 4.2.2.-Recollida do alumnado de Educación Primaria.

O alumnado de Ed. Primaria non transportado que abandone o centro ao final das clases, será entregado ás familias as 15:55, 10 minutos antes do horario que viña sendo o habitual co fin de evitar aglomeracións no patio cuberto. A recollida farase polo portal que da acceso ao pavillón (muro sur do centro). No caso de alumnado de 5º e 6º de Primaria autorizado para saír só do centro ou para levar consigo a un irmán/irmá, para maior seguridade, a porta de saída é a que está pegada á biblioteca co fin de que eviten pasar polas zonas de recollida e de transporte.

A recollida do alumnado antes da hora de saída do centro, farase sempre por secretaría, por medio da conserxe, non podendo os pais e nais acceder ao centro para recollelos a non ser que sexan autorizados. Asinarán ademais nos rexistro situados na mesa que está diante da ventá de secretaría.

Durante este curso e polas circunstancias actuais, as familias que desexen recoller ao alumnado de primaria os venres ás 13:25 ou ben despois de comer ás 14:15 farano polo portal que da acceso ao pavillón de deportes (muro sur do centro) previa xustificación a través do formulario entregado os primeiros días de clase.

#### 4.2.3.-Recollida do alumnado de E. Secundaria.

O alumnado non transportado será entregado ás familias ao finalizar as clases, as 16:05, polo portal que da ao pavillón (muro sur do centro).

O alumnado que sexa recollido antes da hora de saída do centro, saíra por secretaría previa solicitude á conserxe e deberá asinar nos rexistro situados na mesa que está diante da ventá da mencionada dependencia. Tamén empregará esta saída o alumnado que vaia comer a casa.

### 5.- TRANSPORTE ESCOLAR.

Todo o alumnado usuario do transporte escolar, debe volver ás súas casas nel, salvo que sexan recollidos á saída do centro polos pais/nais ou persoas autorizadas. Cabe a posibilidade, sen embargo, de que o alumnado de Ed. Secundaria poida non regresar en transporte se ten que quedar en Fonte Díaz para facer algún tipo de xestión, asistir a clases, a actividades fóra do centro, etc. Para iso, deberán entregar unha autorización asinada polos seus pais/nais ou titores/as legais indicando o día/s que ocorrerá esta circunstancia.

Na parada debe haber unha persoa autorizada para recoller o alumnado. De non estar esta persoa, o alumno/a non poderá apearse do autobús. O alumnado de 5º de Educación primaria en diante, poderá ser autorizado a ir só desde a parada ata a casa, tal e como se indicaba no punto 4.2.

Non se pode cambiar de bus nin de ruta sen autorización previa da dirección do centro, que á súa vez deberá solicitalo á Xefatura Territorial. Calquera cambio de parada, bus ou ruta, debe ser xustificado e permanente. Non se contempla a posibilidade de cambios temporais ou esporádicos salvo nos casos de conciliación familiar ou pais separados con custodia compartida nos que o pai/nai/titor/a legal deben solicitar a autorización no centro.

Se o cambio de ruta, bus ou parada fose definitivo, por cambio de domicilio ou outra circunstancia xustificada, debe ser solicitado ao centro e autorizado pola Xefatura Provincial de Educación.

Lembren que poden solicitar unha nova parada ou a modificación dalgún itinerario presentando unha solicitude que lles será facilitada no centro e tramitará a dirección á Xefatura Territorial. Esta solicitude débese facer a final do curso para que poida ser aprobada para o curso seguinte. Teñan en conta que con carácter xeral non se autorizan desviacións de itinerarios de transporte de menos de 2 Km de distancia.

Cando un alumno ou alumna transportado non vaia asistir a clase, ou, asistindo a clase é recollido por algunha persoa autorizada antes da saída do transporte (por exemplo porque enfermou), é moi importante que as familias o comuniquen, se poden, directamente ao persoal coidador da liña de transporte que corresponda. Desta maneira garantimos que o persoal coidador teña a certeza de non deixar ningún alumno ou alumna sen subir ao bus.

Na páxina web do centro poden consultar as paradas correspondentes ás distintas rutas de transporte, xeolocalizadas en google maps. Só están autorizadas as paradas que figuran cun símbolo de bus de cor azul. O recorrido das rutas é aproximado e vai depender de que haxa ou non usuarios en todas as paradas, pero a localización das distintas paradas, salvo erro, é exacta. Cada alumno e alumna debe ter asignada a parada máis próxima ao domicilio que figure no seu certificado de empadramento. Debido ao paso de 7 das 8 rutas de transporte escolar da Consellería de Educación á de Infraestrutura e Mobilidade, estamos sufrindo desaxustes coas paradas asignadas que esperamos queden ben definidas ao remate deste mes.

### 6.- BOLETÍNS DE AVALIACIÓN:

Publicaranse e/ou entregaranse se é posible nas seguintes datas:

1ª Avaliación	Educación Infantil e Primaria	20 de decembro 2021
	Educación Secundaria	21 de decembro 2021

2ª Avaliación	Educación Infantil e Primaria e Secundaria	25 de marzo de 2022
3ª Avaliación	Educación Infantil e Primaria	22 de xuño de 2022
	Educación Secundaria	*AV. ORDINARIA 10 de xuño de 2022 *AV. EXTRAORDIN. 27 de xuño de 2022

\*Lembren que neste curso 21 – 22 entra en vigor a eliminación da Av. Extraordinaria de setembro que pasa a realizarse no mes de xuño.

#### 7.- CALENDARIO DE FESTIVIDADES E CELEBRACIÓNS:

Este curso escolar caracterízase por esta nova “normalidade” a que nos temos que adaptar polo que todas as festividades e celebracións se farán a nivel de aula, ao aire libre por grupos de convivencia ou na sala de audiovisuais respectando a distancia entre grupos e o aforo establecido.

- Samagosto: venres 29 de outubro.
- 25 novembro, xoves : Día Internacional contra a violencia de xénero.
- 21 de decembro, martes: Actividades varias do Nadal.
- 31 de xaneiro, luns: Día escolar da non violencia e a paz.
- 24 de febreiro, xoves: Día de Rosalía de Castro.
- 25 de febreiro, venres: entroido:
- 8 de marzo, martes, Día internacional da muller.
- Do 18 ao 22 de abril: Semana do libro.
- do 16 ao 20 de maio Letras Galegas.

Tamén se celebrarán todas aquelas conmemoracións establecidas na Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 DOG do venres, 4 de xuño de 2021.

Máis información no portal da Consellería: <http://www.edu.xunta.gal/portal/calendarioescolar> ou na páxina web do centro, onde poden consultar e descargar o calendario escolar 2021-2022.

**Todas as datas arriba indicadas son lectivas a todos os efectos.**

#### 8.- VACACIÓNS ESCOLARES:

Día do Ensino: ..... Luns, 11 de outubro de 2021.

Nadal: ..... Do 22 de decembro de 2021 ao 7 de xaneiro de 2022.

Entroido: ..... 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2022.

Semana Santa: ..... Do 11 ao 18 de abril.

Días non lectivos aprobados polo Consello Escolar: martes, 7 de decembro de 2021 e luns 16 de maio de 2022.

#### 9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

No Claustro e no Consello Escolar aprobouse a realización de eventos, no centro e realización de actividades complementarias respectando sempre as normas de prevención e seguridade derivadas da actual situación. De realizarse algunha, os pais ou nais terán que dar permiso aos seus fillos e ás súas fillas a participar nelas , cubrindo e asinando unha autorización. As actividades programadas, sen ser obrigatorias, son recomendables como complemento ó labor educativo desenvolvido na aula.

A asociación de nais e pais de alumnos e alumnas comunicáronnos que ao longo deste curso escolar só organizan “Madrugadores” e a Aula de Teatro.

#### 10.- COMEDOR ESCOLAR:

O comedor escolar funciona en Educación Infantil e Primaria desde o día 9 de setembro de 2021 ata o 22 de xuño de 2021, e en Educación Secundaria desde o día 15 de setembro de 2021 ata o 22 de xuño de 2022.

Todas as familias que solicitaran o uso do servizo de comedor escolar con resultado de abono dalgunhas das cantidades establecidas, deberán:

- 1.- Os días de abono corresponderán cos días de uso que indicaron no impreso de comedores.
  - 2.- Nos últimos días de cada mes, se houber algunha variación, comunicárase na secretaría do centro, ben por teléfono ou no correo electrónico [cpi.fonte.diaz@edu.xunta.gal](mailto:cpi.fonte.diaz@edu.xunta.gal), se algún día o alumno non fixo uso do servizo para que se lle poida descontar.
  - 3.- Durante os cinco primeiros días de cada mes o centro repartirá ao alumnado de pago de servizo tres follas de taxas para realizar o ingreso da citada taxa no banco. O citado pago deberá de efectuarse antes do día 20 de cada mes, entregando na secretaría do centro a copia de administración como xustificante.
- Tamén se poderá facer o pago de forma telemática seguindo as instrucións que poden consultar na páxina do centro no apartado de comedor.
- 4.- No caso de non realizar o pago no prazo establecido, podería privarse o uso do comedor no seguinte mes.
  - 5.- No caso de que a renda neta da unidade familiar teña unha diminución de ingresos que supoña o cambio do tramo de rendas autodeclarado previamente, como consecuencia de acreditación de situacións de paro de duración superior a seis meses de calquera membro da unidade familiar, (pai/nai ou titor/a), poderase axustar os importes a pagar polo servizo.
  - 6.- O alumnado con algún tipo de intolerancia alimentaria, dieta ou alerxia, ten dereito a un menú adaptado. Para iso, deberá comunicar ao centro esta situación e acreditala mediante informe médico (se isto non foi feito xa no curso anterior e a situación non mudou). Da mesma maneira, aqueles alumnos que, de xeito esporádico, precisen dieta branda, deberán comunicalo ao centro antes das dez da mañá.
- Para calquera dúbida ou aclaración poderán consultar na secretaría, por medio do correo electrónico ou teléfono do centro.

#### 11.- LIBROS DE TEXTO:

De cara o próximo curso, o alumnado de 5º e 6º de Primaria non solicitarán libros porque os dous serán cursos Edixgal.

O alumnado de 3º e 4º de E. Primaria, entra no sistema de Fondo de Libros. Para ter dereito ao fondo, ou á axuda para material, ademais de cumprir cos limiares de renda establecidos, é necesario que se devolvan os libros prestados este ano en bo estado (sen escribir, subliñar, etc.). Queremos lembrar que o equipo directivo e o profesorado límitase a facer unha labor de intermediación entre a consellería e as familias, recollendo os libros, cargando dos datos na aplicación informática e de novo entregando os libros que a propia consellería asigna. Non temos ningún outro tipo de responsabilidade ou capacidade de toma de decisión nos libros que son asignados.

Para o alumnado de 1º e 2º de E. Primaria, segue en vigor o sistema de axuda por medio de *vale*.

As solicitudes de Fondo Libros (tanto para fondo de libros, como vale de libros ou vale de material) faranse no mes de xuño de 2022. Esta solicitude, salvo que haxa cambios, está destinada ao alumnado de primaria e secundaria. Non poderá participar no sistema de Fondo libros o alumnado que non devolva todos os libros recibidos no curso anterior.

O alumnado de Edixgal pode solicitar o Fondo Libros porque, dependendo do limiar de renda no que se sitúe, pode ter dereito a percibir o vale de material.

Enviarase ás familias, por medio de abalar, un aviso cando se abra o prazo, e tamén aparecerá na páxina web do centro. Aínda así, pedímoslles que estean atentos para evitar que se pase o prazo de solicitude.

#### 12.- ENSINANZA DE INGLÉS:

O noso centro segue a participar no programa de CENTROS PLURILINGÜES, impartíndose a materia de plástica en todos os cursos de primaria en inglés. Ademais contamos con *Plurininfantil* impartíndose en inglés unha área non lingüística nos tres niveis da etapa. No mes de xuño foinos asignado, como apoio a este programa, un auxiliar de conversa nativo con horario completo no noso centro que tomará posesión o 1 de outubro.

### 13.- OUTROS:

No caso de que algún alumno/a ou algunha aula tivese que estar confinado/a ou se teña producido o paso do ensino a distancia, nos cursos de 3º, 4º, de Primaria traballaremos a través da Aula Virtual do centro; en 5º e 6º continuaremos traballando a través de Edixgal e en Infantil, 1º e 2º de Primaria seguiremos empregando as ferramentas que xa se utilizaron en cursos anteriores.

No curso actual temos concedido o programa CUALE A2: FRANCÉS destinado ao alumnado de 4º de ESO do noso centro ou dos centros dos arredores que queira certificar o nivel A2 desta lingua estranxeira. As clases impártense no Centro os luns e martes de en horario de 16:00 a 17:15.

Touro a 24 de setembro de 2021.

O equipo directivo.

**ANEXO.- RELACIÓN DE PROFESORAS E PROFESORES E HORA DE ATENCIÓN A NAIS E PAIS.**

PROFESOR/A	NIVEL	MATERIAS/CARGO	HORA ATENCIÓN
<b>Educación Infantil</b>			
Rocío López Reyes	Titora 4º	Coordinadora EDL	Martes de 13:25 a 14:25
Laura Fernández Cereiro	Titora 5º		Martes de 13:25 a 14:25
Mª José Iglesias Vázquez	Titora 6º		Xoves de 13:25 a 14:25
Lucía Sevio Barrio		Apoio e coordinación Ed. Infantil	Xoves de 13:25 a 14:25
<b>Educación Primaria</b>			
María Castro Suárez	Titora 1º		Mércores de 13:25 a 14:25
Flores Cao González	Titora 2º		Martes de 13:25 a 14:25
Carmen Castro Balboa	Titora 3º	Secretaria	Mércores de 13:25 a 14:25
María José Furelos Dios	Titora 4º		Martes de 13:25 a 14:25
Francisco J. Chouza Mata.	Titor 5º		Martes de 13:25 a 14:25
Xacobe Varela Álvarez	Titor 6º	Plástica en 5º e 6º de primaria	Mércores de 13:25 a 14:25
Gonzalo Iglesias Fernández	Ed. Infantil e Ed. Primaria	Música Ed. Infantil e Ed. Primaria. Matemáticas e CCSS en 3º.	Martes de 13:25 a 14:25
M. Asunción Aller Alamancos	Ed. Infantil e Primaria	Inglés en 3º, 4º, 5º e 6º Ed.P..Coordinadora plurilingüismo. Xefa de estudos de Primaria	Mércores de 13:25 a 14:25
Mónica Martínez Vázquez	Ed. Infantil e Ed. Primaria	Inglés en Ed. Infantil e Plurinfantil, inglés de 1º, 2º e a plástica de 1º a 4º de primaria	Xoves de 13:25 a 14:25
Susana Villamor Lamas	Ed. Infantil e E. Primaria	Relixión. Coordinadora equipo biblioteca.	Mércores de 13:25 a 14:25
Francisco Yáñez Calviño	Primaria	Educación Física en todos os niveis, Cs, Naturais en 3º e Obradoiro de cine en 5º e 6º Primaria.	Mércores de 13:25 a 14:25



Raquel López Miramontes	Todos os niveis	Audición e Linguaxe (A.L.)	Mércores de 13:25 a 14:25
María del Carmen Rendo López	Todos os niveis	Pedagogía Terapéutica (P.T.). Directora	Mércores de 13:25 a 14:25
<b>Educación Secundaria</b>			
Luis M. Rico Pernas		Educación Física en toda a E.S.O. e Promoción de Estilos de Vida Saudables en 1º. Xefe de Estudos ESO	Venres de 13:35 a 14:25
María Lourdes Piñón López		Lingua Francesa en toda a E.S.O., conversa en Francés en 2º e Latín en 4º. CUALE en 4º	Mércores de 11:25 a 12:15
Ana Isabel García Guimarey	Titira 2º E.S.O.	Música e Valores Éticos en toda a E.S.O.	Xoves de 12:45 a 13:35
Margarita Sanín Matías	Titira 1º E.S.O.	Educación Plástica e Visual en toda a E.S.O. Reforzo exención Francés en 1º e Coordinadora de Actividades Extraescolares.	Mércores de 11:25 a 12:15
M. del Carmen Fernández Bouza		Física e Química en toda a E.S.O. Matemáticas Aplicadas en 3º	Martes de 11:25 a 12:15
M. del Carmen Lages Padín		Lingua Castelá en toda a E.S.O.	Martes de 10:35 a 11:25
Fernando Simal Iglesias		Matemáticas en 2º. Matemáticas Académicas en 3º e 4º. Xadrez en 2º da E.S.O.	Mércores de 12:45 a 13:35
Antonio Lorenzo Bugallo		Xeografía e Historia en toda a E.S.O., Economía en 4º	Mércores de 11:25 a 12:15
Paula Garrido Tojo	Titira 3º E.S.O.	Bioloxía-Xeoloxía en toda a E.S.O. Reforzo exención Francés en 2º.	Martes de 12:45 a 13:35
José Daniel Pereiro López		Tecnoloxía en toda a E.S.O. Matemáticas en 1º TIC en 4º. Coordinador TIC	Luns 11:25 a 12:15
Daniel Asorey Vidal		Lingua Galega en toda a E.S.O. e Cultura Clásica en 3º.	Martes de 11:25 a 12:15
M. del Carmen Forján García	Titira de 4º ESO	Lingua Inglesa en toda a E.S.O.	Mércores de 12:15 a 12:45. Xoves de 13:15 a 13:55.
Carolina García Couto		Pedagogía Terapéutica na E.S.O.	Venres de 11:25 a 12:15
Estrella Rúa Barcia		Relixión en toda a E.S.O.	Xoves de 12:45 a 13:35





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

C.P.I. PLURILINGÜE de FONTE DÍAZ  
Rúa Isabel II s/n, 15822 – Touro (A Coruña)  
Tel. & Fax: 881867840/7. E-mail: [cpi.fonte.diaz@edu.xunta.es](mailto:cpi.fonte.diaz@edu.xunta.es)  
Web:<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpifontediaz>

M <sup>a</sup> Jesús Rodríguez Lastres	Xefa do Departamento de Orientación.	Mércores de 10:35 a 11:25
--	--------------------------------------	------------------------------